

ESCRITOR

Fernández Naval: “Nunca o poder lle fixera tanto mal ao galego na autonomía”

30.08.2010 o galego padece unha situación de falta de equilibrio, a súa posición é débil na convivencia co castelán

POR MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Poeta e narrador, Francisco Fernández Naval recibiu no 1980 e no 2006 o premio de poesía Cidade de Ourense polos libros *A fonte abagañada* e *Miño*; no 1988, o Xerais pola novela *O bosque das antas* e este ano o Fiz Vergara Vilariño por *Bater de sombras*. Tamén escribiu *Pabellón habitado* (1987), *Ara solis* (1996); *Días de cera* (1999) e *Mar de Lira* (2005), ademais das novelas *Tempo de crepúsculo* (1993), *Sombras no labirinto* (1997), *Unha cita co aire* (2005) e libros de relatos como *Sete noites e un amencer* (2003). No xénero infantil e xuvenil destacan *No corazón da fraga* (2001) e *Suso espada, Istambul e o cabaliño de ouro* (2008). Tamén é autor de teatro, guións de cine e televisión, e de ensaio. Publicou no 2006 *Respirar polo idioma: Os galegos e Julio Cortázar*.

Asinou, por outra banda, varias guías e libros de viaxes, como *Unha viaxe á procura do solpor –Do Tambre á fin da Terra–* (2000), *A Coruña monumental e turística* (2002), e *Muros, ronsel de pedra, espiral de mar* (2003), *Guía de Pereiro de Aguiar* e *A Ribeira Sacra ourensana e Galicia, Rutas con sabor*. Participou en numerosos congresos, feiras e encontros literarios, e impartiu obradoiros de iniciación á lectura e escritura promovidos pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. É membro de varias asociacións culturais, desenvolvendo nelas unha intensa actividade de promoción da lectura.

Francisco, bos días compañeiro. Imos comezar estas conversas, da situación actual do idioma da nación, para min como para outras persoas, case dramática. Unha falla perversa polo menos de equilibrio. Falar de bilingüismo harmónico é unha auténtica falacia propia da dereita sempre reaccionaria, a ruindade do nacionalismo español en moitas siglas do abano político deste estado democrático, e á vez monárquico, unha conxuga imposible porque un status é decontado antagónico do outro. Nesta situación e como novo "decretazo" do PP español en Galicia, a situación agrávase, a diglosia perpetúase, e con ela o autoodio e a galegofobia, moi xunguida en liñas xerais á ignoración e a alienación brutal dos colonizados ou autocolonizados. Cal é, Chisco a túa resposta diante desta miña breve reflexión?

Entender a discriminación positiva como imposición, é unha falacia. Hai discriminación a favor da muller en determinados ámbitos, dos retornados da emigración, dos que padecen minusvalía, e non nos sentimos agredidos, senón que comprendemos a eiva e defendemos a actitude solidaria do corpo social. O galego, como ben dis, padece a situación de falta de equilibrio, a súa posición é débil na convivencia co castelán o que supón unha ameaza para a súa supervivencia. Iso tíñao claro antes o PP, agora non. Pero, para min, o peor, é que dende que temos goberno autonómico, nunca desde o poder se lle fixo tanto mal ao galego, argumentando tanta mentira e alimentando o discurso dos que o odian. Ese é o gran pecado deste goberno. Contaba Alberto Manguel, na conferencia que deu hai pouco na Real Academia, que o único xeito que teñen os habitantes de Quebec de defender a súa opción lingüística que é o francés, estando como están rodeados de territorios de fala inglesa, é con actuacións de discriminación positiva por parte dos poderes públicos e esa reflexión súa era unha clara referencia a nós. Con medidas de protección e de potenciación do galego só se aplicaba o sentido común.

De entrada, un estado federal co recoñecemento das nación catalá, vasca e galega, podería ser un primeiro andar para mellorar e saír desta esperpéntica situación?

Para min ese é o horizonte e a aspiración. Unha República federal, para ser máis exactos. Quizais Galicia careza do pulo para ir construíndo o camiño que nos leve a iso, pero non Cataluña. Eles serán o referente no debate polo cambio e nós, se podemos, iremos detrás.

A Constitución española, malia o que digan os "expertos/as" é en si unha contradictio in terminis, un apaño feito por unha monarquía e mesmo estado parlamentar pre-democrático, cuxo texto non resiste unha análise sería rigorosa e intelixente... Cal é a túa opinión a propósito desta miña proposta, Francisco?

A Constitución é un pacto que cumpriu unha función nun determinado momento histórico, pero non é un documento pechado nin perfecto. Nós non temos unha tradición constitucional como a inglesa, que ten como fundamento o costume e a tradición; nin como a dos Estados Unidos, mellorada a base de emendas. Nós aprendemos aos poucos, por iso non entendo ese rexeitamento a debater a posibilidade de modificar determinados aspectos e melloralos. Decía o outro día a presidenta do Tribunal Constitucional que quen poñía en cuestión a sentenza do Estatuto catalán, estaba en contra da Constitución. Paréceme unha redución perigosa, pero ademais non todos aceptamos a Constitución como un credo.

Concordas co reintegracionismo ou pola contra, como a min, che parece un erro que lle dá alicerces e pulo ao totalitarismo españolista?

O meu amigo Fernando Pérez Barreiro, que perdemos en xaneiro deste ano, defendía unha tese intermedia, na que avanzariamos na escrita cara ó portugués, pero iso, a priori, non lle afectaría á fala. Galego e portugués foron a mesma lingua, logo a evolución foi diferente, pero illarnos definitivamente dese tronco supón unha debilidade e, se cadra, unha condena. A solución non é doada. Penso que só hai un camiño, o da aproximación lenta e non traumática ao portugués, camiño xa iniciado.

O mundo global xa está inserido en nós, é a matemática perversa do imperio capitalista, de tantas e tan graves desigualdades que producen algo máis que noxo. A crise actual é unha patoloxía cíclica da barbarie capitalista, un pesadelo que parece non ter fin. Como erradicar esta pandemia, pregúntome eu ao tempo que che pregunto a ti?

Pregunteille iso mesmo a Juan Gelman cando estivo aquí en abril e respondeume que cando o soubera que llo dixera. O capitalismo e a dereita dos países desenvolvidos atoparon un discurso común diante da globalización, cousa que non foi quen de atopar aínda a esquerda. Vimos estes meses que a intervención de catro ou cinco personaxes da economía alemá, transmitindo información falsa ou interpretada de xeito perverso, colocou contra as cordas o Goberno español. Neste momento, ata a social democracia semella pór en cuestión o estado solidario do benestar, aplicando políticas e medidas claramente capitalistas, cedendo á presión dos poderes que manexan os fíos da economía mundial. Eu non sei cal é a posición da Internacional Socialista con respecto ao que aconteceu nestes dous últimos anos, nin se existe unha reflexión común e un programa de actuación que permita facer fronte ás ameazas que nos son comúns, pero unha reflexión común da esquerda e un mínimo programa para aplicar, son necesarios.

A felicidade podería ser o estado de graza dos idiotas, ou é posíbel ser feliz diante de estampas tan patéticas e mesmo atroces?

A felicidade, de existir, é algo temporal e efémero, unha intensa sensación de plenitude fondamente individual,

pero que é posible compartir. O poeta palestino Madmoud Darwich dicía que nos campos de refuxiados os nenos xogan, mozas e mozos namoran e casan, a xente canta e baila e tamén choran aos mortos. Todo iso observeino na viaxe que fixen a Níxer con Camilo Franco e Alfonso Costa, colaborando coa ONG Acción contra a fame. A felicidade non é a tranquila seguridade burguesa. Para min, a felicidade, aínda no mundo cruel no que vivimos, é un estado de graza do home.

A poesía, Chisco, é para ti unha arma de amor e combate, un reto á vida e mais á infamia...?

Para min, a poesía segue sendo o argumento principal do home diante da vida, unha forma de coñecemento dos misterios a través da intuición e da metáfora, o único xeito de nos aproximar ao que non comprendemos. Amais diso, tamén é unha arma e un xeito de estar no mundo.

Poeta, narrador, ensaísta... En que terreo estás máis a gusto...?

Empecei escribindo versos, logo pasei ao teatro, que deixei pola narrativa. Gústame ler poesía e, ás veces, necesito escribila, pero tamén me gusta contar e que me conten historias. Quixera seguir traballando os dous xéneros, sen ter que renunciar a ningún e nestes últimos anos regresei con gusto ao teatro.

Hai unha obra de grande calado que está a agardar aínda pola túa escrita?

Non o sei, sobre todo porque non sei cal é o gran calado dunha obra ou dunha historia. Eu procuro, sobre todo, que os libros que escribo teñan dimensión humana, que comuniquen algo, que procuren complicidades nos lectores.

Marx e Engels seguen para ti vixentes?

Si. A filosofía de Marx sobre a sociedade e sobre a historia, para min, segue vixente. Digamos que comparto cunha querida amiga a opinión de que cada día nos sentimos máis marxistas e máis cristiáns, isto último non entendido nun sentido relixioso, senón de actitude, de comunión cos outros, de xustiza social.

E Freud?

Estudei psicoloxía e Freud é un referente. Non podería comprender o mundo no que vivo sen as súas achegas e reflexións, pero eu síntome máis próximo a Jung. Hai unha parte irracional en nós que Jung admite e procura comprender.

Hai unha razón de ser e outra de vivir, Francisco?

Supoño que si, aínda que deberían coincidir unha e outra. Dáme a sensación de que cada día hai unha fenda maior entre o ser e o vivir, entre o ser e o sobrevivir.

Respecto dos credos, comungas con algún...?

Non. Teño a miña parte irracional, tal e como recoñecín antes, o que me leva a manter unha relación intensa coa natureza e con certos lugares, espazos nos que sentimos que hai algo que non comprendemos pero que nos convoca e nos chama: a Corticela, o Monte do Pindo, o petróglifo do Filladoiro en Carnota ou Santo André de

Teixido. Procuo o baño no mar e nos ríos, aínda no inverno, lávome en regatos e fontes, dáme gusto agarimar as pedras e as árbores, pero tamén abrazar a quen quero, sempre reivindico a importancia do abrazo, e tamén a caricia, o agarimo, non podería vivir sen eles.

A sensación de ter vivido noutro tempo da historia é frecuente en ti?

Vivín noutro tempo da historia que foi o franquismo, logo non é unha sensación, senón unha lembranza, pero debo dicir que, aínda sentindo saudade da infancia e da xuventude, non prefiro aquel período, opresivo e gris, a este que agora vivimos. Polo demais, non teño a sensación de ter vivido un tempo histórico diferente a eses dous que comento, aínda que, ás veces, si me parece que acontecen cousas que xa sucederon e que deron lugar a momentos conflictivos e difíciles. Penso por exemplo na crise, comparándoa coa do 29, ou neste coller alento de certo discurso fascista que ás veces me parece percibir, ou neste intento de poñer en cuestión o estado das autonomías, cativo avance, pero avance ao cabo, na reivindicación das nacionalidades históricas, tan importante para a convivencia e que tanto protagonismo tivo na modernización do estado.

Unha República Socialista Galega, independente, solidaria e internacionalista é unha quimera?

Laica e honrada. Aínda que a historia é algo dinámico e sorprendente, na miña opinión, hoxe iso que propós é cousa impensable. Para empezar, é algo que non queren a maioría dos galegos e dubido de que sexa factible cambiar ese criterio en dúas ou tres xeracións, pero ademais, tampouco o permitiría nin o estado español, nin a comunidade internacional.

A moral burguesa, outro dos alicerces da brutalidade capitalista, non é unha falsidade que decote trata de nos abourar?

A moral burguesa e a súa relación coa igrexa. Eu non podo entender como é posible un ser humano culpable antes de nacer. Era Kafka quen se preguntaba como pode haber unha culpa orixinaria no home. Eu síntome lastrado por esa educación e ese estigma. Loito contra ela, procuro liberarme, pero non é doado. Un ser que se cre culpable dende antes de nacer, é un ser vencido.

O franquismo-fascismo está definitivamente morto ou aínda hai un veneno que inocular certos sectores da sociedade española ou españolista?

Si que hai. Vímoloo hai pouco co asunto Garzón. Con independencia de que a resolución xudicial que o procesa sexa legal ou non, no debate que o acompañou vimos asomar o rostro do fascismo, desenmascarándose, amosándose tal e como é. Pero para enterrar definitivamente todo iso, debemos recuperar a memoria civil, a memoria da sociedade que se nos roubou coa Guerra. A transición non foi un acto de reconciliación, foi unha paréntese ou o aprazamento dun acto real de superación das diferenzas. A reconciliación é aínda asunto pendente.

Con cal dos libros que levas publicado te sentes máis satisfeito?

Quérolles a todos, pero se tivera que elixir un, só un, se cadra, polo que significou para min, escollería *O bosque das antas*, a primeira novela que escribín e que foi premio Xerais.

E retornando aos credos/relixións... Aínda segue a ser o opio dos pobos –Marx-, ou tamén ese opio foise proxectando no fútbol, e outras para min banalidades propias da ignorancia dos alienados?

Da relixión e dos credos xa opinei antes. O fútbol non é opio por si, transfórmase en opio polo uso que fan del, como non é opio a televisión, pero si o que nos ofrecen como programación.

Galicia aínda é unha nación explotada, espoliada...?

Galicia é un territorio cun desenvolvemento e unha calidade de vida menor co das comunidades do seu contorno. Pero ademais, ultimamente, dende a entrada na UE, case toda a riqueza propia foi cuestionada, marxinalizada e condenada. Pero hai un problema que radica en nós e que non depende de decisións alleas, é o envellecemento da poboación, o desequilibrio territorial entre leste e oeste e o abandono do medio rural. Iso si hipoteca o futuro.

Tes algún libro ou libros aos que sempre retornas?

Os fillos do Capitán Grant, de Verne; O mar de Iris Murdoch, pero sobre todo teño autores: Conrad, Ferrín, Blanco Amor, Cunqueiro, Rosalía, Rimbaud, Elena Poniatowska, Valente, Gamoneda, Pessoa, Cortázar, Calvino...

, de Verne; de Iris Murdoch, pero sobre todo teño autores: Conrad, Ferrín, Blanco Amor, Cunqueiro, Rosalía, Rimbaud, Elena Poniatowska, Valente, Gamoneda, Pessoa, Cortázar, Calvino...

Traballas agora nalgunha obra ?

Si. Recentemente rematei varias cousas: o libro de versos titulado *Bater de sombras*, que mereceu o premio Fiz Vergara Vilariño deste ano e que sairá a finais de setembro; a tradución do poeta chileno-mexicano Ludwig Zeller, residente en Oaxaca, surrealista e amigo de Eugenio Granell, que tamén sairá axiña; unha nova novela de Suso Espada, ese personaxe protagonista xa de varias entregas e que tantas alegrías me dá, que estará nas librarías alá para o Nadal e un texto teatral. Así que este outono e inverno teño previsto centrarme na novela na que levo traballando cinco anos, con dificultades que, debo confesar, ata agora non conseguín superar. Será a última oportunidade que lle dea, se non vai desta, gardarei o proxecto no fondo dun armario ata a xubilación.